

Anuncio

O **Regulamento para a selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Ferrol** vixente, publicado no BOP da Coruña número 132 de data 14/07/2010 establece no seu artigo 2.3 literalmente o seguinte:

“2.3 Para poder ser incluídas nas listas as persoas interesadas terán que reunir os requisitos que para cada escala, subescala, clase ou categoría se recollen na normativa vixente **e presentar a súa solicitude no prazo que se establece para o efecto que será do 1 ao 31 de xaneiro de cada ano natural.**”

A este respecto cómpre sinalar que o sistema de lista permanente existente no Concello de Ferrol vén do ano 2006, polo que todas as persoas que tiveran solicitado a súa inscrición nalgunha categoría dende ese ano, seguen a formar parte da lista da citada categoría, agás non casos de ter rexeitado algún chamamento ou rematar o vinculo laboral ou funcional co Concello transcurrido máis dun ano de prestación de servizos.

Por este motivo, sinálase que todas **aquelas persoas que xa figuran incluídas como admitidas nos distintos listados** publicados na **sede electrónica** do Concello (www.ferrol.gal / Sede Electrónica / Recursos Humanos / Bolsa de Traballo) **non precisan** achegar novas solicitudes agás que tiveran acadado novos méritos non acreditados con anterioridade.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol,
O alcalde